

Editorial

Nestes tempos en que vai medrando a conciencia pública da necesidade de protexer e conservar tanto o Patrimonio Cultural como o Patrimonio Natural, pódese establecer unha estreita relación entre estes dous conceptos. É evidente que non se pode considerar un monumento (por ex., un castro) como algo aillado do seu contexto, senón como un elemento integrado nun territorio determinado e, polo tanto, nunha paisaxe, como xa se recolle na exposición de motivos da *Ley do Patrimonio Cultural de Galicia* de 30 de outubro de 1995. Nesta norma legal, así como na *Ley del Patrimonio Histórico Español* de 25 de xuño de 1985, son constantes as referencias e indicacións sobre a protección dos monumentos e do seu contorno.

Os monumentos, xacementos e zonas arqueolóxicas, entre outros elementos, forman parte do Patrimonio Cultural e Histórico. Os máis sobranceiros de entre eles, serán declarados Bens de Interese Cultural (BIC), para o cal deberán estar ben definidas “as súas relacións coa área territorial á que pertencen, así como a protección dos accidentes xeográficos e elementos naturais que conformen o seu contorno [...] en atención á súa adecuada protección, contemplación e estudo”.

En canto ó contorno dos monumentos, sinálase que este será o “espacio lindante inmediato” ou mesmo o “non lindante ou arredado” se unha alteración pode afectar a algún dos seus valores, e calquera intervención non poderá cambiar o “carácter paisaxístico da zona, nin perturba-la contemplación do ben”. Para salvagardar estes aspectos, establécense medidas protectoras do impacto ou efecto ambiental, ou ben plans especiais de protección.

Se aplicamos estes criterios ó caso do contorno do Castro de Viladonga que, pesia a non estar declarado BIC, si está incluído e protexido (como xacemento arqueolóxico) no Inventario do Patrimonio Cultural galego debido á súa enorme importancia e innegable monumentalidade, vemos



que, desde hai algún tempo (sobre todo nos últimos quince anos), se veñen producindo profundos e graves cambios na paisaxe que o arrodea. As plantacións desmedidas e case salvaxes de especies arbóreas foráneas (eucaliptos, piñeiros de repoboación...) que proliferan arredor do Castro, fan imposible xa distinguilas súas murallas e o seu característico perfil castrexo desde o contorno veciño, e para comprobalo, non hai máis que comparar o estado actual co fotografo publicado nos anos vinte por Amor Meilán ou, sen ir tan lonxe, coas fotografías de Viladonga de hai tan só dez ou doce anos. A impresionante panorámica de toda a Terra Chá, incluídos os veciños castros da Rodela de Valmonte e do Castrelo de Viladonga, son xa un puro recordo, algo que, por outra parte, é lamentado profundamente e de xeito continuo polos visitantes deste primordial enclave patrimonial e turístico de Castro de Rei.

O tema adquire maior gravidade se pensamos na influencia que tal plantación desmesurada (sobre todo de eucaliptos) pode ter nos acuíferos e mananciais que poden chegar mesmo a secar, como tal parece que sucedeu co pozo que abastece (¿ou abastecía?) de auga o propio Museo de Viladonga. É evidente que a uniformidade destes monocultivos, ademais de acabar coa biodiversidade que hoxe se tende a recuperar en todo o mundo civilizado, chega a empobrecer de tal xeito a paisaxe que mesmo incide na súa compren-

sión xeográfica e histórica. Hai que engadir que esta situación está en contradición non só coa estética da paisaxe ou coa propia natureza, senón incluso coa lexislación actualmente vixente.

Pensamos que un monumento destas características e no enclave en que está situado, veríase considerablemente resaltado e potenciado se a vexetación e a flora circundante fose autóctona, facéndose así un lugar máis atractivo e interesante para o público que o visita, tendendo á plasmación do que nos anos oitenta se deu en chamar “parques arqueolóxicos”. Por outro lado, este viría a complementarse con espazos cercanos de interese natural (como a Ruta do Azúmara, as lagoas e humedais da Terra Chá, etc.), favorecendo ademais, loxicamente, a conservación e recuperación da variada fauna que, como non, tamén se veu afectada por esta desfeita da paisaxe.

Somos conscientes das dificultades de harmonizalo desenvolvemento económico e a rendabilidade, a medio prazo como a que poden xeralas especies de crecemento rápido, coa necesaria protección que a cultura e a natureza merecen, tal como recollen as leis, pero cremos que a única solución pola que hai que apostar fortemente, para poder transmitir un patrimonio común que os nosos herdeiros teñen dereito a disfrutar, será a de respectar o principio de **biodiversidade fronte a uniformidade**.